

BORRADOR DA ACTA DA SESION ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO DIA 27 DE FEBREIRO DE 2014.

ASISTENTES:

Presidente:

D. José Ignacio Portos Vázquez

Concelleiros:

D^a. Ana Ledo Fernandez

D. Jose Angel Rey Seoane

D^a. Isabel Sesar Otero

Secretaria-Interventora:

D.^a Rebeca Vázquez Vázquez

Na Casa Consistorial do Concello de Boimorto sendo as 13:00 horas do día vinte e sete de febreiro de 2014, xuntase en sesión ordinaria, primeira convocatoria, previamente convocados para o efecto, os membros da Xunta de goberno local relacionados na marxe, baixo a presidencia do alcalde, D. José Ignacio Portos Vázquez.

Feron asistidos pola Secretaria-Interventora Dona Rebeca Vázquez Vázquez.

Aberta a sesión polo Sr. Alcalde-presidente, pasanse a tratar os asuntos incluídos na orde do día.

1.- APROBACION ACTA/S ANTERIOR/ES

Coñecidas polos/as asistentes, a través de fotocopias repartidas coa convocatoria, a acta da sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local celebrada o día 30/01/2014, de conformidade co disposto no artigo 91.1 do Real Decreto 2568/1989, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, pregunta o Sr. alcalde-presidente se algún membro da corporación quere formular algunha observación á mesma. Non se formulan observacións, polo que a Xunta de Goberno Local por unanimidade

ACORDOU:

ÚNICO.- Aprobar a acta da sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local celebrada o día 30/01/2014.

2.- ESCRITOS CHEGADOS O CONCELLO

2.1. ESCRITOS OFICIAIS

2.1.1- CIRCULAR INTERPRETATIVA DA DIRECCIÓN XERAL DE ADMINISTRACIÓN LOCAL SOBRE O DESEMPEÑO DE PRAZAS DE HABILITADOS POR ACCIDENTAIS

Pola Secretaria dáse conta do escrito enviado pola Dirección Xeral de Administración Local, rexistro de entrada nº. 224 con data 05/02/2014 no que se envía a circular interpretativa sobre o desempeño de prazas de habilitados por nomeamentos dos funcionarios accidentais.

Os membros da Xunta de goberno local danse por informados/as.

2.1.2- ESCRITO DA DIRECCION XERAL DE XUVENTUDE E VOLUNTARIADO SOBRE A EXPEDICIÓN DO CARNE XOVE

Pola Secretaria dáse conta do escrito enviado pola Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado, rexistro de entrada nº. 257 con data 11/02/2014 no que se envía resolución pola que se autoriza a Oficina Municipal de Información Xuvenil do Concello de Boimorto a ser centro expendedor do Carné Xove.

Os membros da Xunta de goberno local danse por informados/as.

2.1.3- ESCRITO DA DIRECCION XERAL DE EMERXENCIAS E INTERIOR REFERENTE A UN VERTEDOIRO INCONTROLADO NA PARROQUIA DOS ÁNXELES

Pola Secretaria dáse conta do escrito enviado pola Dirección Xeral de Emerxencias e Interior, rexistro de entrada nº. 234 con data 06/02/2014 no que se envía informe sobre a comprobación do vertedoiro incontrolado de residuos sólidos urbanos no lugar de Corredoiras, ao lado da estrada AC-234, no punto quilométrico 12 na parroquia dos Ánxeles no Concello de Boimorto.

Os membros da Xunta de goberno local danse por informados/as. Sinala o Alcalde que o vertedoiro está nunha estrada de titularidade da Xunta de Galicia e acordan que se tramite unha orde de execución contra o Servizo de estradas da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas para que retiren ditos residuos.

2.1.4- ESCRITO DA DIRECCION XERAL DE ENERXÍA E MINAS SOBRE INSTALACIÓNS ELÉCTRICAS DOS FEIRANTES

Pola Secretaria dáse conta do escrito enviado pola Dirección Xeral de Enerxía e Minas, rexistro de entrada nº. 218 con data 05/02/2014 no que se envía información relativa a conveniencia de esixir o certificado ou certificados da empresa instaladora de baixa tensión habilitada aos feirantes no momento de outorgar a licenza para celebración de eventos desta índole.

Os membros da Xunta de goberno local danse por informados/as.

2.1.5- ESCRITO DA SECRETARÍA XERAL DE POLÍTICA SOCIAL DA CONSELLERÍA DE TRABALLO E BENESTAR EN RELACIÓN AS HORAS DISPONIBLES PARA PERSOAS EN SITUACIÓN DE DEPENDENCIA

Pola Secretaria dáse conta do escrito enviado pola Secretaría Xeral de Política Social, rexistro de entrada nº. 310 con data 19/02/2014 no que se comunica que con data 1 de febreiro o Concello conta con 65 horas disponibles sen asignar a ningunha persoa demandante do servizo para persoas en situación de dependencia e do informe emitido pola traballadora social e enviado á Xunta de Galicia en relación con este escrito que se transcribe literalmente:

<<M^a. Esther Vidal Pandelo, traballadora social dos servizos sociais de atención primaria do Concello de Boimorto, nº de colexiada 1397

INFORMO:

Que en relación ó escrito remitido pola Consellería de Traballo e Benestar a través da súa Secretaría Xeral de política Social en relación ó servizo de axuda no fogar de dependencia decir que tal e como se menciona no escrito a día 1 de febreiro de 2014 tiñamos 65 horas para asignar e ningunha persoa como demandante do servizo. Isto sucedeu porque con data do 22 de xaneiro un usuario rechazou o servizo e outro usuario se deu de baixa porque pasou a residir a unha residencia para maiores. **Pasaron dúas semanas sen que o sistema de atención á dependencia dende o SIGAD nos incluíra algún usuario**

no listado para poder prestar o servizo. Descoñecemos cal foi o motivo da non inclusión de usuarios xa que tras o envío dun e-mail por parte dos servizos sociais do Concello ó departamento correspondente decindo qu eramos coñecedores de usuarios que solicitaran a dependencia e o servizo dende fai tempo e que nunca os incluíran no listado do saf, con data do 12 de febreiro incluíronnos 2 usuarios. Dun deles remitiuse a renuncia e o outro xa comenzo o servizo. Con data do 18 de febreiro incluíronnos outro novo usuario ó que lle estamos pendentes de adxudicar as 20 horas que nos quedan dispoñibles, horas que imos adxudicar nestos días. De igual maneira quixera consultar si aínda que o SIGAD non nos inclúa expedientes e nós teñamos horas dispoñibles e constancia de usuarios recoñecidos como dependentes e solicitando o servizo, podemos comenzo a prestarlo sin que esten activos no SIGAD?.

Boimorto, 19 de febreiro de 2014

Asdo.: M^a Esther Vidal Pandelo

Traballadora Social>>

Os membros da Xunta de goberno local danse por informados/as.

2.1.6- ESCRITO DA XEFATURA TERRITORIAL DA CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS, SERVIZO DE CALIDADE E AVALIACIÓN AMBIENTAL SOBRE SOLICITUDE DE CORREO ELECTRONICO PARA EFECTUAR NOTIFICACIÓNS DE INSERCIÓN NA WEB

Pola Secretaria dáse conta do escrito enviado polo Servizo de Calidade e Avaliación Ambiental, rexistro de entrada n.º. 359 con data 26/02/2014 no que se solicita unha dirección de correo electrónico do concello ao que se desexe que se efectúen as notificacións de inserción na web.

Os membros da Xunta de goberno local danse por informados/as e deciden comunicar o correo electrónico da administrativa María Luisa Cacharrón Souto.

2.1.7- ESCRITO DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA, SECCIÓN DE PLANS PROVINCIAIS EN CONTESTACIÓN O ESCRITO SOBRE IMPORTE ASIGNADO O POS.

Pola Secretaria dáse conta do escrito enviado pola Sección de Plans Provinciais da Deputación Provincial da Coruña, rexistro de entrada n.º. 262 con data 12/02/2014 no que se envía contestación ao escrito remitido respecto as aclaracións relativas as asignacións das cantidades a este Concello no POS entre os anos 2011 e 2014.

Os membros da Xunta de goberno local danse por informados/as.

3.- LICENZAS PERMISOS E AUTORIZACIÓNS

3.2. AUTORIZACIÓNS

3.2.1.- SOLICITUDE BAIXA NO SERVIZO DE ABASTECIMENTO DE AUGA DE JOSE BALADO PARDO.

Pola secretaria dáse lectura á solicitude con número de rexistro de entrada neste concello 328 con data 21/02/2014, presentada por D. Manuel Balado Neira, DNI núm. 76517892C, con domicilio a efectos de notificación en Avda. Caídos, 181 P03 A, A Coruña no que solicita a baixa no servizo de abastecemento de auga potable da vivenda sita no lugar de Lobomorto, 7 Arceo alegando que a vivenda se atopa desabitada.

Vista a ordenanza fiscal n.º 8 reguladora da taxa de subministro de auga.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Dar de baixa o recibo e contador de auga número 98012634 que figura a nome de D. José Balado Pardo, correspondente ao inmovible sito no lugar de Lobomorto n.º 7 da parroquia de Arceo, na elaboración do padrón fiscal correspondente ao primeiro trimestre do exercicio 2014.

SEGUNDO.- Notifíquese o presente acordo ao interesado xunto co réxime de recursos e ao encargado de servizos municipais para que proceda ao corte de subministro de auga do inmobile sito no lugar de Lobomorto, 7, parroquia de Arceo, deste termo municipal.

3.2.2.- SOLICITUDE DESVINCULACIÓN DA SUPERFICIE QUE RESTA DO TERREO DA FINCA 268 SOLO DE NÚCLEO RURAL ORIXINARIO DISPERSO TRAS LICENZA DE SEGREGACIÓN EN DORMEÁ BOIMORTO

Pola Secretaría dase lectura íntegra o escrito presentado por D. Ramón Mariño Sánchez, en data 20/02/2014, con rexistro de entrada número 316, que se reproduce literalmente.

<<D. Ramón Mariño Sánchez, con NIF 33132871Z, con domicilio a efectos de notificacións en Lg. Boavista, 5 San Cristovo de Dormeá – Boimorto (A Coruña); representado neste acto polo seu fillo D. Ramón Mariño López, con NIF 33208756E e domicilio no Lg. O Priorato – San Cristovo de Dormeá – Boimorto (A Coruña)

EXPÓN

Primeiro: Que con data 19/Febrero/2014, recibe na súa casa Notificación do Concello de Boimorto, con data 17/Feb/2014 e n.º.450; relacionada con petición feita o 17/Xan/2014, Entrada n.º 94 data 18/xan/2014 coa seguinte solicitude: “A desvinculación de 6.432m/2 (solo de núcleo rural orixinario disperso) sobre a superficie total coa que conta a parcela número 2689 e simultaneamente a segregación de 1.695 m/2 conforme ao proxecto que se fai mención na arte expositiva da presente solicitude”. (Acompañase copia da mesma).

Segundo: A través de dita notificación transmiten que A Xunta de Goberno Local, “Visto o informe favorable ao outorgamento de licenza de segregación dos servizos técnicos municipais asinado por D. Fernando Delgado Juega en data 27/09/2012”, por unanimidade acordou: PRIMEIRO: Outorgar, salvo dereito e propiedade e sen prexuízo de terceiros, licenza de segregación sobre a finca 268 d’acordo co proxecto asinado polo enxeñeiro técnico agrícola D. Javier López López, colexiado n.º 1049. SEGUNDO: Someter a licenza de segregación ás condicións que xa indican sobradamente no primeiro punto. TERCEIRO: “Volver a elevar á Xunta de Galicia consulta en relación á competencia autonómica para deixar sen efecto a vinculación da total superficie real da finca á construción e usos autorizados” (Segundo autorización adm. T.E.174/06 do 2/10/2007). CUARTO: “Notificar o presente acordo o interesado e enviar certificado á Xunta de Galicia en relación co punto terceiro”.

D’acordo co exposto:

MANIFESTA:

Primeiro: Que agradece tremendamente a dilixencia en outorgar Licenza de segregación sobre da finca 268, despois de ano e medio longo de presentala e valorando que o informe favorable dos servizos técnicos municipais é do 27/09/2012; Tendo en conta, como se dixo repetidamente que se trataba dun asunto de Testamento/herdanza do solicitante que conta con case 96 anos de idade e polo tanto de máxima urxencia.

Segundo: Que o punto “TERCEIRO” da notificación do Concello de Boimorto non ten absolutamente nada que ver coa solicitude presentada o 17/xan/2014, na que se pide craramente a desvinculación da superficie considerada como “solo de núcleo rural orixinario disperso”; MANTENDO VINCULADA Á EXPLOTACIÓN O RESTO DA FINCA, 32.759 M/2 QUE SE REFIRE Á SUPERFICIE DE “SOLO RÚSTICO DE PROTECCIÓN AGROPECUARIA” (Estas calificacións do terreo están recollidas no PXOM aprobado por dito Concello).

Terceiro: Que a petición feita o 17/Xan/2014 (Entrada n.º 94, 18/Xan/2014) comentouse previamente co Sr. Alcalde, acordando facela dese xeito coa idea de eliminar problemas en posibles peticións futuras de segregación sobre a superficie considerada como “SOLO DE NÚCLEO RURAL ORIXINARIO DISPERSO”

Quinto: Que agarda que a Licenza de segregación outorgada non supoña un problema a hora de inscribirla no Rexistro da Propiedade, polo que se pode entender que os servizos pertinentes dese Concello de Boimorto haberían ter estudiado o mellor xeito de concedela para evitar calquera tipo de problema.

Cuarto: Que se reserva o dereito de presentar copia de toda a documentación, incluída a presente, no Departamento correspondente da Consellería oportuna da Xunta de Galicia, co oxetivo escrarecedor deste asunto e para evitar interpretacións erróneas ás que da lugar o escrito dese Concello de Boimorto.

En virtude do que antecede:

SOLICITA:

Primeiro: Que se autorice a desvinculación da superficie que resta do terreo da finca 268 considerado no PXOM como “solo de núcleo rural orixinario disperso”.

Segundo: Que se manteña a vinculación á explotación do resto da finca considerada como “Solo rústico de protección agropecuaria”, é dicir: 32.758 m/2.

En San Cristovo de Dorneá – Boimorto a 20 de febreiro do ano 2014

RAMÓN MARIÑO SÁNCHEZ

P.P.

Asdo.- Ramón Mariño López>>

Os membros da Xunta de goberno local por unanimidade **ACORDOU:**

PRIMEIRO.- Informar ó interesado que este Concello non retrasou o outorgamento de licenza urbanística de segregación no seu prexuízo e actuou coa eficacia e eficiencia debida, xa que tras consulta no rexistro da propiedade (este dato non foi aportado na documentación de solicitude de licenza de segregación polo interesado) da vinculación da parcela a uso determinado en autorización autonómica para ampliación de explotación no lugar de Algalia Dornea Boimorto asinada polo director xeral de urbanismo en data 2/10/2007 T.E: 174/2006 elévouse solicitude de desvinculación do solo afectado pola autorización á Administración competente á Xunta de Galicia remisión feita en data 30/10/2012 con rexistro de saída n.º 2743 que entrou na Consellería competente en data 31/10/2012 sen que se obtivese resposta efectiva ata o 18/12/2013 data na que consta rexistro de entrada n.º 2494 do informe de viabilidade da segregación da parcela n.º 268 da zona de concentración parcelaria de San Cristovo de Dorneá sen manifestarse sobre a variación da vinculación establecida na autorización para ampliación de explotación asinada polo director xeral de urbanismo en data 2/10/2007 T.E: 174/2006, resolvendo a Xunta de goberno local o outorgamento de licenza urbanística de segregación en sesión de data 30/01/2014 máis non outorgando a desvinculación solicitada polo interesado por non considerarse competente este Concello para deixar sen efecto en parte un acto dictado por administración autonómica.

SEGUNDO.- Denegar a desvinculación da superficie do terreo da finca 268 considerado como solo de núcleo rural orixinario disperso por considerar que este Concello non ten

competencias para deixar en parte sen efectos a autorización e condicionantes da Xunta de Galicia asinada polo director xeral de urbanismo en data 2/10/2007 T.E: 174/2006.

TERCEIRO.-Notificar este acordo ó interesado indicando o réxime de recursos.

4.- URBANISMO OBRAS E SERVIZOS

4.1.- URBANISMO

Advirte a secretaria que debería sinalarse nos informes técnicos sobre se as edificacións nas que se pretenden obras menores de conservación ou reparación entran na categoría de tradicionais, fora de ordenación ou son obras con ou sen licenza urbanística, aos efectos de poder outorgar as licenzas menores, de conformidade co establecido na normativa urbanística vixente e non permitir obras en edificacións ilegais ou incoar no seu caso o expediente de reposición de legalidade e sancionador oportuno.

4.1.1.- LICENZA DE OBRA MENOR (LO 5/2014) PARA COLOCACIÓN DE TELLA E CANALÓN NA PARTE TRASEIRA DA VIVENDA SITA NO LUGAR DE CORREDOIRAS Nº 56, PARROQUIA DE ÁNXELES, TRAMITADA A INSTANCIA DE Dña. MARÍA DE LOS ÁNGELES REGUEIRO VARELA.

Visto o expediente de solicitude de licenza urbanística de obra, tramitado a instancia de Dña. María de los Ángeles Regueiro Varela, con DNI núm. 78782196C, e con domicilio para os efectos de notificacións no lugar de Corredoiras 56, Ánxeles, 15816 Boiomorto, A Coruña, solicitude con rexistro de entrada no concello núm. 2056 en data 14/10/2013 para a colocación de tella e canalón na parte traseira da vivenda sita no lugar de Corredoiras núm. 56, Ánxeles (solo de núcleo rural) segundo presuposto, fotografías e plano de situación presentados.

Visto o informe favorable ao outorgamento de licenza urbanística de obra menor dos servizos técnicos municipais asinado por D. Ángel Delgado Cid, enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos, colexiado nº 4657, con data 16/10/2013 para a realización da dita obra que clasifica como menor en solo de núcleo rural coa ordenanza de orixinario disperso.

Tramitada pola interesada solicitude de autorización do servizo de de infraestruturas do departamento territorial da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas (expediente nº: MT205G 2013/000165-1) e incorporado ao expediente resolución de data 13/11/2013, no que se outorga a autorización das obras se ben condicionada ao cumprimento das condicións xerais e particulares.

Vista a resolución de data 29/01/2014 da directora xeral do Patrimonio Cultural da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria expediente número 2013/740 CN, autorizando as obras e que tivo entrada neste concello o 04/02/2014 co número 207.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade **ACORDOU:**

PRIMEIRO.- Conceder coas condicións sinaladas neste acordo e no documento xeral de licenza, salvo dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, licenza de obra menor a Dña. María de los Ángeles Regueiro Varela, con DNI núm. 78782196C (LO 5/2014) para a colocación de tella e canalón na parte traseira da vivenda sita no lugar de Corredoiras núm. 56, Ánxeles (solo de núcleo rural) segundo presuposto, fotografías e plano de situación presentados.

SEGUNDO.- Someter a licenza de obra outorgada ás seguintes condicións:

- .- Outorgase a presente licenza salvo dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.
- .- Sen prexuízo doutras autorizacións sectoriais necesarias e supeditada aos condicionantes da autorización sectorial do servizo de infraestruturas do departamento territorial da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas que consta no expediente.
- .- As obras de reforma non afectarán a elementos estruturais.

- A reforma do tellado non suporá variación do volume actual da edificación.

- As obras deberán comezar no prazo máximo de dous meses e rematar no prazo de doce meses contados desde a data de outorgamento da licenza, sen que poidan interromperse por tempo superior a tres meses.

TERCEIRO.- Aprobar a liquidación de ICIO nos seguintes termos

1º.- Presuposto de execución material da obra axustándose ao Anexo I da Ordenanza reguladora do ICIO; segundo valoración feita polo servizo de asistencia técnico-urbanística do Concello: **2.918,91 €uros**.

Liquidación 2%: **58,38 €uros**

CUARTO.- Notificar o presente acordo a Dna. María de los Ángeles Regueiro Varela, indicando o réxime de recursos que poden interpoñerse contra o mesmo acordo.

5.- ASUNTOS ECONOMICOS

5.1.- APROBACIÓN DE FACTURAS

A Xunta de Goberno Local en exercicio de competencia delegada pola Alcaldía Presidencia por unanimidade **ACORDOU:**

ÚNICO.- Aprobar as seguintes facturas:

Nº Factura / Data	Titular NIF/CIF	Descrición	Importe
51/14-26/02/14	Jesús Manuel Cambón Landeira / 32790370-Y	Papel para colocar no stand da Festa do Queixo en Arzúa	6,95 €
T/236-13/02/14	Minia Varela Antas / 33239441W	Mel para os residentes da residencia	19,00 €
A-V2014-00000303843-07/02/14	Mercadona, S.A. / A-46103834	Produtos de aseo para residencia de persoas maiores	166,70 €
SE4/0001655-10/02/14	Cardiz Betanzos S.L. / B-15.884.570	Material para o PAI	35,79 €
1-27/01/2014	Mercedes Seijas Barreiro / 76517970-Y	Servizo de perruquería no centro residencia xaneiro 2014	43,97 €
20140012-10/01/14	Sycigal, S.L. / B-15992100	Cota anual mantemento extintores edificios municipais 2014	1.428,20 €
20140013-10/01/14		Recarga extintor P6 curso básico de protección civil	96,80 €
001/320.057-11/02/14	Millenium Computer Systems, S.L. / B-62.771.274	Coarenta caixas de papel especial DINA4	668,89 €
2900200717-03/02/14	Labaqua, S.A. / A-03637899	Control de calidade de auga do consumo humano mes de outubro 2013	464,26 €
2900200718-03/02/14		Control de calidade de auga do consumo humano mes de novembro 2013	464,26 €
2900200719-03/02/14		Control de calidade de auga do consumo humano mes de decembro 2013	464,26 €
2900200720-03/02/14		Control de calidade de auga do consumo humano mes de xaneiro 2014	464,26 €

5/01400339-25/01/14	Nea F3 Iberica, S.L. B-15361348	Mantemento fotocopiadora cor BH.C353 oficinas municipais Período 19/12/13-19/01/14	263,16 €
5/01400340-25/01/14 □		Mantemento fotocopiadora cor K-7022 residencia e centro de día período 10/12/13-17/01/14	30,86 €
B136-10/02/14	Jobegosum S.L. B70058268	Material sanitario fisioterapia da residencia e centro de día	149,71 €
8-04/02/14	Grupo Acofide, S.C. / J70026604	Clases de pilates xaneiro 2014 días 9, 16, 23 e 30	125,84 €
014CV/29-24/01/14	Ems Aytms, S.L. / B- 15497100	Pixamas de ATS e auxiliares da residencia e centro de día	145,20 €
140258-12/02/14	Carechem Distribución, S.L. / B15601081	Produtos de limpeza para residencia e centro de día	28,37 €
14 61-01/02/14	Corzo Guarnicionería, S.L. / B-15913205 □	Tapizado camillas fisioterapia residencia □	100,02 €
15/2014-10/02/14	Instalaciones Deportivas Gallegas, S.L. / B- 15.623.259	Subministro material deportivo para o pavillón municipal. Adxudicación contrato menor decreto 18/2014. Subv. Deportes Deput. 2013	1.978,24 €
S 14002-31/01/14	Tedaga, S.L. / B- 15479793	Sonorización e iluminación do certame de reices o 4/01/14	1.391,50 €
54870-13/02/14	Río Blanco, S.L. B-15424047	Hipoclorito sódico para o depósito. Albarán núm. 64554	283,14 €
4001263896-31/01/14	Soc. Est. Correos y Telégrafos, S.L. / ESA- 83052407	Franqueo pagado mes de xaneiro 2014	264,62 €
FRO20140955941- 26/02/14		Impreso sen dirección postal boletín informativo nº 78 do concello marzo 2014	52,50 €
6-31/01/14	Juan López Sánchez 34258362T	Gasolina para desbrozadora, cortacésped	190,00 €
D-108-04/02/14		Gasóleo calefacción centro de saúde	880,00 €
D-109-04/02/14		Gasóleo bonificado tractor	885,00 €
D-133-11/02/14		Gasóleo calefacción residencia e centro de día	2.402,07 €
D-143-17/02/14		Gasóleo automoción	3.100,00 €
AR326916-30/01/14	ABM-REXEL, S.L.U. B-28262822	Material lámparas para o concello	160,25 €
AR327521-15/02/14		Material alumado público	689,23 €
RC/14-4511- 30/01/14	FEMP / G28783991	Cota asociado FEMP 2014	121,27 €
829.912-03/02/14	Ascensores Enor, S.A. A36650992	Mantemento ascensor casa consistorial febreiro 2014	332,52 €
830.514-03/02/14		Mantemento ascensor residencia febreiro 2014	332,80 €
5-30/01/14	María Teresa López Alonso / 76624257-X	Servizo de podoloxía centro residencial e servizos externos xaneiro 2014	342,86 €
000255-07/02/14	Control de Plagas Andrade SL / B15989692	Servizos bimestrais de control de plagas e legionella en edificios municipais realizados	

		no mes de xaneiro 2014	686,83 €
01/2014-07/01/14	Boimorto Engineering Productions S.L. / B70341169	Aluguer escenario X Certame de Cantares de Reis celebrado o día 04/01/2014	1.815,00 €
20140045-31/01/14	Sociedade Galega de Medio Ambiente A-15379803	Tratamento RU mes de xaneiro 2014	2.826,58 €
1400053 CR-31/01/14	Televisión de Galicia, S.A. / ESA-15073349	Publicidade emitida dende o día 01/01/14 ata o día 04/01/14 Cantares de Reis	229,90 €
951087386-31/01/14□	Kone Elevadores S.A./ A-28791069	Servizo mantemento ascensor colexio mes de xaneiro 2014	245,68 €
OFFV14/293-31/01/14	Ofireyco, S.L. / B15342702	Material de oficina	789,61 €
265-27/02/14	José Manuel Vereá Castelo / 33245534-T	Material servizo de augas	28,68 €
267-27/02/14		Bombillas para centro de saúde	6,78 €
268-27/02/14		Pilas para as bicicletas estaticas	5,45 €
269-27/02/14		Caldeiro servizo limpeza	1,27 €
004213-31/01/14	Fernando J. Sánchez García / 76505509B	Material colocación marquesiña en Paravico	266,13 €
19/14-26/02/14□	Cerne Ingenieria, S.A. A-15056468	Asistencia técnico urbanística mes de febreiro 2014	2.420,00 €
302-31/01/14	Exatic, S.L. / B70283460	Cota anual Hosting páxina web	292,82 €
1-11045571-31/01/14	Manuel Castro Gómez 33215547M	Confección nóminas e seguros mes de xaneiro 2014	761,82 €
1-1104615-26/02/14		Confección nóminas e seguros mes de febreiro 2014	749,72 €
97.221-15/02/14	Recambios Santiagueses, S.L. / B-15.214.349	Cadeas para o autobús	70,18 €
97.210-31/01/14		Material alumado público	5,45 €
96.880-31/01/14		Dúas baterías fregadora polideportivo	686,07 €
97.211-31/01/14		Material servizo de augas	24,01 €
97.207-31/01/14		Rodas, anticonxelante e ferramenta para o autobús	853,13 €
96.940-31/01/14		Xogo de pastillas para a furgoneta de servizos sociais	46,88 €
97.220-15/02/14		Material reparación do vehículo Mitsubishi	25,58 €
97.206-31/01/14		Material reparación camión recollida de lixo	35,21 €
97.208-31/01/14		Material reparación vehículo Qasquai	137,18 €
97.209-31/01/14		Material para limpeza de vías	135,74 €
Liquidación taxa nº 2013/15514-03/01/14	Deputación da Coruña	Anuncio BOP: 235/11-12-13 aprobación inicial suplemento de crédito 6/2013.	96,99 €
2013/15353-03/01/14		Anuncio BOP: 233/09-12-13 aprobación inicial expte. Crédito extraordinario 5/2013	85,62 €
2013/15189-03/01/14		Anuncio BOP: 230/03/12/13 aprobación definitiva expte. Modificación crédito 23/2013	165,28 €

0000529-01/02/14	Enfoque Soluciones TI SL / B-47602651	Mantemento programa informatico residencia febreiro 2014	59,29 €
B/9-02/01/14	Oscar Carreira García / 78798945-A	Material de limpeza para residencia e centro de día de Boimorto	726,00 €
28-B481-565654-01/02/14	Telefónica Móviles España, S.A. / A-78923125	Recibo teléfonos móviles período 18/12/13 a 17/01/14	194,15 €
TA4JI0374019	Telefónica de España, S.A. / A-82018474	Recibo teléfono servizos sociais	76,55 €
TA4JI0383694		Recibo teléfono centro maiores	95,08 €
TA4JI0374018		Recibo teléfono xulgado de paz	16,68 €
TA4JI0381738		Recibo teléfono ascensor concello	8,70 €
TA4JI0381960		Recibo teléfono oficinas Concello	346,12 €
TA4JI0374021		Recibo teléfono PAI	14,24 €
TA4JI0388255		Recibo teléfono residencia	67,73 €
TA4JI0387907		Recibo teléfono ascensor residencia	11,74 €
TA4JI0382777		Recibo teléfono fax	0,30 €
19/02/14			

5.2.- SOLICITUDES SERVICIO DE FISIOTERAPIA E PODOLOXÍA

Visto informe de servizos sociais que se transcribe literalmente:

<<INFORME SOCIAL

INSTITUCIÓN: Concello de Boimorto. Servizos sociais

INFORME EMITIDO POR: M^a Esther Vidal Pandelo

DATA DO INFORME: 27/02/2014

DIRIXIDO A: XUNTA DE GOBERNO LOCAL

Visto o acordo municipal nº 15 art. 5 de prezo público por servizo de fisioterapia e podoloxía e vistas as solicitudes presentadas en tempo e forma, propónse á Xunta de Goberno Local que sexan beneficiarios do servizo de fisioterapia as seguintes persoas segundo a valoración técnica que se sinala:

1.- LEDO DIÉGUEZ JOSE ANTONIO -PODOLOXÍA

VALORACIÓN TÉCNICA

- a) Consta informe médico que acredita necesidade
- b) Non consta minusvalía nin resolución de dependencia
- c) Concurren os requisitos do apartado 3 do art. 7

2.- MARIÑO LÓPEZ M^a ROSA - FISIOTERAPIA

VALORACIÓN TÉCNICA

- a) Consta informe médico que acredita necesidade
- b) Non consta minusvalía nin resolución de dependencia

c) *Concurren os requisitos do apartado 3 do art. 7*

3.- CACHARRÓN PORTOS JOSÉ - *PODOLOXÍA* **VALORACIÓN TÉCNICA**

- a) *Consta informe médico que acredita necesidade*
- b) *Non consta minusvalía nin resolución de dependencia*
- c) *Concurren os requisitos do apartado 3 do art. 7*

Esta é a proposta que salvo erro ou omisión involuntaria elevo como traballadora social do concello para que a Xunta do Goberno Local resolva o que se estime oportuno.>>

En aplicación dos artigos 5 e 6 do acordo municipal regulador do funcionamento e prezos públicos polos servizos de fisioterapia e podoloxía no centro de maiores a Xunta de Goberno Local coa abstención de Ana Ledo Fernández que saeu da sesión, fundamentada no artigo 28.2.b) da Lei 30/1992 de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común por razón de parentesco co solicitante José Antonio Ledo Diéguez, co voto favorable dos outros tres membros, **ACORDOU:**

PRIMEIRO.- Aprobar e incluír na lista de admitidos para ser usuarios do servizo de fisioterapia a M^a Rosa Mariño López e no servizo de podoloxía a José Antonio Ledo Diéguez e José Cacharrón Portos.

SEGUNDO.- Notificar aos beneficiarios deste servizo que teñen a súa disposición nas oficinas municipais os tickets que deberá adquirir e presentar ante a persoa que presta o servizo e terán unha validez para o mes de xaneiro, febreiro e marzo de 2014. Sen a presentación de dito ticket acreditativo do pago do servizo público non será atendida polo servizo de fisioterapia e podoloxía.

5.3.- LIQUIDACIÓN CONVENIO CONCELLO DE ARZÚA.-

Vista as lecturas dos contadores nº 07SE117226 = 5.165 m³ (menos 4887 m³ da lectura do trimestre anterior = **278 m³**) e nº 07SE117232 = 1.310 m³ (menos 1266 m³ da lectura do trimestre anterior = **44 m³**) TOTAL: 322 m³, realizada polo encargado de obras e servizos deste Concello, D. Luís González Guerra, en aplicación do disposto en convenio asinado con Arzúa "Convenio de cooperación entre o Concello de Arzúa e o Concello de Boimorto" en data 23 de maio de 2008, a Xunta de Goberno Local por unanimidade **ACORDOU:**

PRIMEIRO.- Liquidar a cantidade a ingresar polo Concello de Arzúa a Boimorto como consecuencia do disposto no convenio 322 m³ x 0,21 euros = 67,62 € + 6,76 (IVE do 10%) = 74,38 €.

SEGUNDO.- Notifíquese ao Concello de Arzúa o presente acordo, solicitando o ingreso na conta bancaria xa comunicada do Concello de Boimorto.

5.4.- ESCRITO DE INTURASA PEREZ RUMBAO, S.A., SOLICITANDO A DEVOLUCIÓN DA GARANTÍA DEFINITIVA DEPOSITADA POLO SUBMINISTRO DE VEHÍCULO ADAPTADO PARA CENTRO DE MAIORES E CENTRO DE DÍA DE BOIMORTO DE DATA 21/02/2014.

Pola secretaria dáse conta do escrito enviada pola empresa INTURASA PEREZ RUMBAO, S.A., con rexistro de entrada neste concello nº 329 con data 21/02/2014, no que solicita a

devolución do aval bancario depositado como garantía definitiva das obrigas polo seguinte subministro:

Denominación	Importe aval	
Subministro de vehículo adaptado para Centro de Maiores e Centro de día de Boimorto	5.400,00 €	

Resultando que dito contrato xa finalizou, habendo cumprido o adxudicatario coas condicións establecidas.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Devolver a referida garantía definitiva, por haberse cumprido o subministro contratado e coas condicións establecidas.

SEGUNDO.- Notificar o presente acordo ao interesado e dar traslado do presente acordo aos servizos contabeis para a súa tramitación.

5.5.- MODIFICACIÓNS NO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR NO PRESENTE MES DE FEBREIRO 2014: BAIXA USUARIA NO SERVIZO DE LIBRE CONCURRENCIA E ALTAS NO SERVIZO DE DEPENDENCIA.

Pola secretaria dáse conta do informe emitido pola traballadora social do Concello de Boimorto e responsable do servizo de axuda a domicilio, María Esther Vidal Pandelo, de data 26/02/2014, en relación coas modificacións producidas no referido servizo no presente mes de febreiro de 2014 e que se transcribe o texto textualmente:

<<M^a Esther Vidal Pandelo, traballadora social dos servizos sociais de atención primaria do Concello de Boimorto, n^o de colexiada 1397

INFORMO:

PRIMEIRO:- Que dona Gloria Otero Rey con DNI 33101433V e domicilio en Lg Barrio, Dorneá, Boimorto, A Coruña, causou baixa no servizo de axuda no fogar por trasladarse a residir nunha residencia para persoas maiores o día 3 de febreiro de 2014.

SEGUNDO:- Que a lista de usuarios do servizo de axuda no fogar de libre concurrencia queda tal e como segue:

CRITERIOS DE VALORACIÓN					
USUARIOS DE SAF LIBRE CONCURRENCIA	Autonomía a persoal	Apoio social	Situación familiar/ socialización de menores	Outros aspectos sociais	Total puntuación
María Segade Mella R) Camiño de Cheda, Boimorto	24 puntos	24 puntos	24 puntos	3 puntos	3 puntos
María Sandá Barreiro Lg Currás, Cardeiro, Boimorto	32 puntos	6 puntos	0 puntos	0 puntos	38 puntos
Dolores Seoane Seoane Lg Arosa, Arceo, Boimorto	34 puntos	6 puntos	0 puntos	5 puntos	35 puntos
Antonio Gómez León Lg Quiñoy- Rodieiros, Boimorto	10 puntos	18 puntos	0 puntos	4 puntos	32 puntos
Engracia Vázquez Vázquez Lg Vilar, Sendelle, Boimorto	24 puntos	3 puntos	0 puntos	4 puntos	31 puntos
Benigno López Vázquez Lg Viladóniga, Boimorto	10 puntos	18 puntos	0 puntos	0 puntos	28 puntos
Faustino Rico Rey Lg Outeiro, Boimorto	20 puntos	3 puntos	0 puntos	0 puntos	23 puntos

Mercedes Labandeira García Lg Barral, Brates, Boimorto	10 puntos	6 puntos	0 puntos	5 puntos	21 puntos
Flora Mato Lorenzo Lg Piñeiro, Sendelle, Boimorto	10 puntos	6 puntos	0 puntos	5 puntos	21 puntos
Mª Josefa Mejuto Taboada Lg Arentía, Andabao, Boimorto	10 puntos	6 puntos	0 puntos	4 puntos	20 puntos
Guillermo Otero Casal Lg Campo da Lanza, Os Anxeles, Boimorto	10 puntos	5 puntos	0 puntos	4 puntos	19 puntos
Concepción Peteiro Balado Lg Aquelavila, Buazo, Boimorto	10 puntos	3 puntos	0 puntos	5 puntos	18 puntos
Gumersinda Castro Souto Lg Outeiro, Boimorto	5 puntos	9 puntos	0 puntos	4 puntos	18 puntos
Josefa García Lodeiro r) Castro, Corredoiras, Os Anxeles, Boimorto	10 puntos	6 puntos	0 puntos	1 puntos	17 puntos
Carmen Varela Bravo Lg Gárdoma, Boimil, Boimorto	10 puntos	3 puntos	0 puntos	1 puntos	14 puntos
Mª del Carmen Rúa Rodríguez Lg Outeiro, Corneda, Boimorto	5 puntos	3 puntos	0 puntos	4 puntos	12 puntos
Emilio Somoza Segade Lg Corredoiras, Os Anxeles, Boimorto	5 puntos	6 puntos	0 puntos	1 puntos	12 puntos
Mercedes Ramos Castro Rúa Gándara, Boimorto	5 puntos	6 puntos	0 puntos	0 puntos	11 puntos
Mª Remedios Castro Novo Lg Lobomorto, Arceo, Boimorto	0 puntos	5 puntos	0 puntos	6 puntos	11 puntos
Ramona García Piñeiro Lg Torre, Andabao, Boimorto	5 puntos	3 puntos	0 puntos	1 puntos	9 puntos
Teresa Agra Pampín Rúa Gándara	5 puntos	0 puntos	0 puntos	0 puntos	5 puntos
LISTA DE ESPERA LIBRE CONCURRENCIA					
1º) Benigno López Vázquez Lg Viladóniga, Boimorto	10 puntos	18 puntos	0 puntos	0 puntos	28 puntos (Xa recibe o servizo, solicita aumento de horas)
2º) Antonio Corral Boado Lg Espiñeiro, Boimorto	14 puntos	3 puntos	0 puntos	0 puntos	17 puntos
3º) Angela Sueiro Rodríguez Lg Coto, Boimil, Boimorto	10 puntos	6 puntos	0 puntos	0 puntos	16 puntos
4ª) María Mato Méndez Lg Outeiro, Boimorto	10 puntos	3 puntos	0 puntos	1 puntos	14 puntos
5º) Concepción Graña Sánchez Lg. Ponte Boado, 2 – Arceo, Boimorto	5 puntos	3 puntos	1 punto	4 puntos	13 puntos
6º) Dorinda Remeseiro Vigo r) estrada de lanza, Boimorto	5 puntos	5 puntos	0 puntos	0 puntos	10 puntos
7º) Dolores Nouche Botana Lg Espiñeiro, Boimorto	5 puntos	3 puntos	0 puntos	0 puntos	8 puntos

TERCEIRO:- Que con data do 20/02/2014 causou alta no servizo de axuda no fogar por dependencia don Rafael Fernández Mato cun grao II de dependencia e con 45 horas mensuais de servizo, motivo polo que causou baixa no servizo de axuda no fogar de libre concurrencia e tamén na lista de espera de libre concurrencia para aumento de horas.

CUARTO:- Que con data do 25/02/2014 causou alta no servizo de axuda no fogar por dependencia don Juan Manuel Fernandez Paz cun grao II de dependencia donde lle conceden 45 horas de servizo pero que o Concello so lle pode prestar real e efectivamente 20 horas por ser as únicas que temos dispoñibles.

QUINTO:- Que a lista de usuarios do servizo de axuda no fogar por dependencia tal e como segue:

--

DEPENDENTES	
USUARIOS DEPENDENTES PRESTADAS	GRADOS E HORAS CONCEDIDAS E EFECTIVAMENTE PRESTADAS
Concepción Filloy Veiga Lg Arentía, Andabao☐	Grado III, nivel 2, 70 horas mensuais concedidas e efectivamente prestadas
Sofía García Souto Lg Bertomil, Brates, Boimorto	Grado III, nivel 1, 70 horas mensuais concedidas e efectivamente prestadas
Victoria Aguión Peteiro Lg Piñeiro, Cardeiro, Boimorto☐	Grado III nivel 1, 55 horas mensuais concedidas e efectivamente prestadas
María Felpete Costoya Boimorto☐	Grado III nivel 1, entre 46 e 55 horas mensuais concedidas, 55 horas efectivamente prestadas
Leonardo Cotelo Felpete Boimorto☐	Grado III nivel 1, 70 horas mensuais concedidas e efectivamente prestadas
Manuel Pérez García r) Estrada de Lanza, Boimorto☐	Grado III nivel 1, 55 horas mensuais concedidas e efectivamente prestadas
Manuela Casal Brea Lg Souto Buazo, Boimorto☐	Grado III nivel 2, 56 horas mensuais concedidas, 46 horas efectivamente prestadas☐
Jesús Manuel Rúa Quintela Lg Quiño, Rodieiros, Boimorto☐	Grado III, entre 46 e 70 horas mensuais concedidas e só 30 efectivamente prestadas por petición da familia
Carmen García Sánchez Lg Quintas; Os Anxeles, Boimorto☐	Grado III nivel 1, entre 55 e 70 horas concedidas, 70 horas efectivamente prestadas
Carmen Costoya Brea Lg Currás, Cardeiro, Boimorto☐	Grado II nivel 1, entre 30-40 horas mensuais concedidas, 40 horas efectivamente prestadas
Carmen Segade Taboada Lg Campo da Lanza, Os Anxeles, Boimorto☐	Grado II nivel 1, 40 horas mensuais concedidas e efectivamente prestadas
José Mª Sánchez Cao Lg Canto do Balo, Arceo, Boimorto☐	Grado II, nivel 2, 20 horas mensuais concedidas (respiro saf) e efectivamente prestadas
Josefa García Seoane Lg Casás, Andabao☐	Grado II, 21 horas mensuais concedidas e efectivamente prestadas
Rafael Fernández Mato Lg Arosa, 35 – Arceo, Boimorto☐	Grado II, 45 horas mensuais concedidas e efectivamente prestadas
Juan Manuel Fernández Paz Lg. Arosa, 35 – Arceo, Boimorto	Grado II, 45 horas mensuais concedidas e só se lle pode prestar real e efectivamente 20 horas por ser as únicas que temos dispoñibles.

Para que conste donde conveña
Boimorto, 26 de febreiro de 2013
Asdo.: Mª Esther Vidal Pandelo
Traballadora social>>

Os membros da Xunta de Goberno Local por unanimidade **ACORDAN:**

PRIMEIRO.- Darse por informados da baixa e das altas producidas no presente mes de febreiro no servizo de axuda a domicilio.

SEGUNDO.- Aprobar a lista de usuarios que se lles está prestando o servizo de axuda a domicilio de libre concurrencia e dependentes así como a lista de espera no servizo de libre concurrencia mencionada nos considerandos deste acordo.

SEGUNDO.- Facer pública a seguinte lista de espera no servizo de axuda a domicilio de libre concurrencia no taboleiro de anuncios do Concello, ordenada por puntuación obtida na valoración da solicitude:

- 1º.- Benigno López Vázquez, 28 puntos.
- 2º.- Antonio Corral Boado, 17 puntos.
- 3º.- Ángela Sueiro Rodríguez, 16 puntos.
- 4º.- María Mato Méndez Lg Outeiro, 14 puntos.
- 5º.- Concepción Graña Sánchez, 13 puntos.
- 6º.- Dorinda Remeseiro Vigo, 10 puntos.
- 7º.- Dolores Nouche Botana, 8 puntos.

5.6.- APROBACIÓN FACTURA XESTIÓN DE RESIDUOS RECOLLIDA SELECTIVA DE ENVASES LIXEIROS PLUSES ANUAIS

Pola secretaria dáse conta das facturas xeradas e confirmadas a través do Sistema Web de Xestión de Ecoembes dos pluses anuais introducidos no Convenio Marco para a recollida selectiva e reciclaxe de envases entre a Comunidade Autónoma de Galicia e Ecoembalajes España, S.A. (Ecoembes) asinado o 30 de decembro de 2012 no que se contempla un plus anual variable e un plus fixo pola recollida de envases lixeiros e a facturación por este concepto levarase a cabo de forma anual, unha vez pechado a facturación do ano precedente.

Aos efectos expresados nos apartados anteriores emitiuse por este Concello as seguintes facturas:

Período	Nº de factura	Concepto	Importe factura		
			Importe		
Decembro 2013	20140073	Plus anual fixo recollida selectiva	285,45	28,55	314,00
Decembro 2013	20140074	Plus anual variable recollida selectiva	137,18	13,72	150,90

A Xunta de Goberno Local por unanimidade **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Aprobar as facturas expresadas na parte expositiva deste acordo.

SEGUNDO.- Remitir as facturas números 20140073 e 20140074 a Ecoembes para que procedan a efectuar o seu pago.

5.8.- APROBACIÓN FACTURAS XESTIÓN DE RESIDUOS RECOLLIDA SELECTIVA ENVASES LIXEIROS

Pola secretaria dáse conta das facturas xeradas e confirmadas a través do Sistema Web de Xestión de Ecoembes correspondentes aos meses de xaneiro e febreiro da recollida selectiva de envases lixeiros:

Período	Nº de factura	Concepto	Importe factura		
			Importe	Ive 10%	TOTAL
Xaneiro 2014	20140077	Recollida selectiva	675,95	67,60	743,55
Xaneiro 2014	20140075	Plus adicional por transporte ata planta de selección	5,10	0,51	5,61
Febreiro 2014	20140080	Recollida selectiva	546,36	54,64	601,00
Febreiro 2014	20140078	Plus adicional por transporte ata planta de selección	3,74	0,37	4,11

A Xunta de Goberno Local por unanimidade **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Aprobar as facturas expresadas na parte expositiva deste acordo.

SEGUNDO.- Remitir as facturas números 20140077, 20140075, 20140080 e 20140078 a Ecoembes para que procedan a efectuar ó seu pago.

5.9.- APROBACIÓN FACTURAS XESTIÓN DE RESIDUOS RECOLLIDA MONOMATERIAL DE PAPEL-CARTÓN EN CONTENEDOR

Pola secretaria dáse conta da factura xeradas e confirmadas a través do Sistema Web de Xestión de Ecoembes correspondentes aos meses de xaneiro e febreiro da recollida monomaterial de papel-cartón:

Período	Nº de factura	Concepto	Importe factura		
			Importe	Ive 10%	TOTAL
Xaneiro 2014	20140076	Recollida monomaterial en iglú de papel/cartón e transporte a recicladores	81,47	8,15	89,62
Febreiro 2014	20140079	Recollida monomaterial en iglú de papel/cartón e transporte a recicladores	56,44	5,64	62,08

A Xunta de Goberno Local por unanimidade **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Aprobar a factura expresada na parte expositiva deste acordo.

SEGUNDO.- Remitir as facturas números 20140076 e 20140079 a Ecoembes para que procedan a efectuar ó seu pago.

Seguidamente pola Secretaria dáse conta dos decretos números 45 e 51 ditados pola Alcaldía Presidencia avocando as funcións delegadas na Xunta de Goberno Local, quedando os concelleiros que a integran informados.

Ao non haber máis asuntos que tratar, o Sr. Alcalde remata a sesión, sendo as 14:25 minutos do expresado día. Autorízase a presente acta coa sinatura do alcalde-presidente e da secretaria que dá fe.

Vº. e Pr
O ALCALDE,

A SECRETARIA,

Asdo.- José Ignacio Portos Vázquez